

## Cinema

Nestas vacacións quen queira pode aproveitar para ver cinema. Recomendamos a película **Taxi**, que é un filme de acción e velocidade con moitas doses de humor, moi entretido.

Máis recomendacións:

- **El Pianista**, con Adrien Brody no rol protagonista, que trata sobre a opresión nazi cara o pobo xudeu en Polonia, e a vida dun pianista nesa época. Baseada nas memorias do músico polaco de orixe xudía Władysław Szpilman.



- **La vida de Brian** (dos cómicos británicos Monty Python), que é unha parodia da vida de Xesús.

Como última elección, **El club de los poetas muertos**, co actor Robin Williams como protagonista, filme moi reputado sobre outra forma de ver as aulas e a literatura nunha escola privada.



(Recomendación do alumnado de 4ºPDC)


## Recomendacións musicais

Aquí tendes algunhas das nosas propostas, algo “vello” e algo “novo” da nosa Biblioteca:



- Dos moi coñecidos **Herdeiros da Crus**, o seu álbum **Chicarrón**. A música deste grupo é moi atrevida e moi

chistosa, xa que cantan as cousas como as teríamos contado nós, coa linguaxe coloquial da costa.



- Se vos gusta a música de discoteca e o tecno, **Disco Crash** do francés Bob Sinclar, con títulos moi interesantes como “*Rock the boat*” ou unha versión dun coñecido tema de Raffaella Carrà.



"Fogos artificiais no lago Brantingham", foto de Pstark1. Licencia CC BY-SA 4.0 via Wikimedia Commons.


## Recomendacións XANEIRO 2016



O alumnado de 4º PDC do IES Lamas de Castelo deséxavos un feliz ano.

## Para ler novela



Historias moi variadas e para todos os gustos, dende historias ambientadas en época de guerra (*Boris, Caballo de batalla*), e o suspense de *O corazón de Xúpiter*, ata o terror de Stephen King (*La zona muerta*).




Recomendadas para adeptos do misterio e suspense, en especial para o alumnado de 3º e 4º da ESO.

## Banda deseñada

Estes cómics son para todos os públicos: incluimos series (*Os cinco loitadores*) e novela gráfica (*Rosalie Blum, Sam e Twitch*).



*Os cinco loitadores* é un cómic moi divertido cunha linguaxe coloquial que trata duns superheroes non de todo "normais": levan máscaras de loita mexicana e son uns completos perdedores, pero moi simpáticos.



*Rosalie Blum* ten un toque humorístico, sobre todo polo personaxe da extravagante e posesiva nai, que se ve a través da estraña relación entre ela e seu fillo. *Sam e Twitch* é unha serie en dous volumes, cun certo aire de novela negra clásica dos anos 40. Trata da investigación dunha serie de crimes cometidos contra una "familia" mafiosa.

## Novidades

Neste libro, a licenciada en psicoloxía Ana Isabel Gutiérrez Salegui busca desenmascarar a unha industria que, ademais de recaudar uns beneficios máis que multimillonarios, intoxícanos, provocando «as enfermidades da sociedade occidental». A autora analiza a publicidade dos produtos de alimentación e cosmética, intentando desvelar e explicar os trucos aos que recorre o *márketing* das empresas alimentarias, as medias verdades, os enganos, alteracións de resultados das investigacións, e os valeiros legais que o permiten, para facernos conscientes de todas as trampas que nos pon a industria e que incluso poden ter nefastas consecuencias sobre a nosa saúde e as nosas economías.



## Recomendación de Ainoa



Este libro relata unha historia de amor adolescente entre dous pacientes (16 anos ela e 17, el) con cancro. A protagonista, Hazel Grace, está obsesionada cun libro do seu escritor favorito que non ten final, polo que Augustus, o seu mozo, acompañaa a Ámsterdam para pedirle en persoa ao escritor un final.